

Procedemento: CT215B. Subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia para o ano 2026.

Asunto: Nomeamento da Comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 22 de decembro de 2025 no Diario Oficial de Galicia, nº 246, publícase a Resolución do 8 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual que se celebran en Galicia e se convocan para o ano 2026.

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

a) Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos audiovisual e/ou cultural en xeral, das cales unha exercerá como presidenta, e terá voto de calidade en caso de empate.

b) Dúas persoas pertencentes ao cadro de persoal da Agadic, unha das cales exercerá a secretaría da Comisión e actuará con voz, pero sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.





2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

3. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Elsa María Tebar Palmero
- Vogal: Ildefonso Rodríguez Torras
- Vogal: Mónica García Iglesias, pertencente ao cadro de persoal da Agadic
- Secretaria : M^a Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente ao cadro de persoal da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

